

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE  
POSTOS NA VÍA PÚBLICA DO NÚCLEO URBANO, ASÍ COMO A VENDA  
AMBULANTE**

**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Salvaterra de Miño establece a taxa por instalación de postos na vía pública do núcleo urbano, así como a venda ambulante, a que se refire o artigo 20.3 n) e artigo 24 do citado texto refundido, que se rexerá pola presente ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 de mesmo texto legal.

**ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal que se deriva da instalación de postos na vía pública do núcleo urbano, así como a venda ambulante.

**ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficien do aproveitamento, se aínda non se concedera a oportuna autorización.

**ARTIGO 4º. RESPONSABLES**

Os supostos de responsabilidade, xa sexan subsidiaria ou solidariamente, serán os previstos na normativa tributaria.

**ARTIGO 5º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

**ARTIGO 6º. BASE IMPOÑIBLE**

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa o valor de mercado que tería a utilización privativa ou o aproveitamento especial, e elo en función do valor de mercado do solo nas vías ocupadas e o tempo de duración do aproveitamento ao longo do ano.

**ARTIGO 7º. COTA TRIBUTARIA**

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante da aplicación da tarifa contida neste artigo.

A taxa se esixirá de acordo co seguinte cadro de tarifas:

Postos para a venda de xéneros e calquera outro..... 1 €/ m<sup>2</sup> día

**ARTIGO 8º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO DA TAXA**

- 1.- O período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta ao longo do mesmo, en que se producirá no momento da ocupación.
- 2.- No caso de aproveitamentos realizados por días, o período impositivo é por día.

Neste suposto, a taxa devéngase no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización.

**ARTIGO 9º. LIQUIDACIÓN**

1. Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa, en todo caso, antes da concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
2. Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
3. Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e esixirase a débeda segundo o establecido nas normas tributarias de aplicación, sen prexuízo do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**ARTIGO 10º. INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase:

- 1.— Nas liquidacións por servizos puntuais, nas entidades financeiras colaboradoras que se sinalen na correspondente notificación. En todo caso, o ingreso será anterior á concesión ou autorización do aproveitamento.
- 2.— Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras colaboradoras que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

**ARTIGO 11º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

As infraccións e sancións serán as que se establezan na normativa tributaria de aplicación.

**ARTIGO 12º. NORMAS DE XESTIÓN**

- 1.— As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizalos aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar a oportuna solicitude, xuntando a documentación que se requira por parte do Concello de Salvaterra de Miño.
- 2.— As altas producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas altas.
- 3.— Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente o interesado a declaración de baixa.
- 4.— Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.